

## NOTA EDITORIAL: Descrición deste número

Editores

No **editorial** deste número a Presidenta do Comité Organizador e o do Comité Científico dan a benvinda aos congresistas e presentan as XV Xornadas Galegas de Medicina de Familia e Comunitaria.

Neste número publícanse, no lugar dos orixinais e algunha outra actualización, os resumos das **comunicacións das Xornadas de Medicina de Familia e Comunitaria**. Vinte e unha comunicacións orais que tratan sobre control de calidade en diabete ou dislipemia ou satisfacción de usuarios, prevalencia do síndrome metabólico, enfermidade renal crónica, cancro colorrectal, nutrición en anciáns, tecnoloxías como a medición do ITB ou MAPA ou adaptacións de Fisterrae... Ademais podemos encontrar comunicación de experiencias, proxectos de investigación, e casos clínicos ata un total de 106 traballos de investigación.

**Para saber de...** presenta unha actualización moi práctica e completa sobre **Urxencias e Emerxencias hipertensivas**.

En **Habilidades e Terapéutica** neste número só presentamos, dada a falta de espazo ao incluír as comunicacións das Xornadas, a serie de **Comunicación** na que revisa de modo completo a **fase resolutiva da entrevista**, o remate da mesma.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, apreciada polos lectores, cun importante compoñente formativo.

Tamén se publica en **Cartas ao Director** un comentario sobre o documento que revisa o cribado de **cancro de colon** no número 17-1 e avanza uns datos da súa propia investigación.

En **Colaboración** presentamos dúas xoias de documentos, unha actualización sobre a **seguridade dos beta-adrenérxicos de longa duración** e a presentación dunha nova e atractiva aplicación de Bibliosaúde e Mergullador: **CiteUlike**, un luxo máis que podemos saborear grazas ao traballo de bibliotecarias de Bibliosaúde.

En **Medicina popular** en Galicia, Pablo Vaamonde de novo nos narra e describe as características e vivencias das **doenzas** por parte dos pacientes.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que nos acercan á figura do gran cirurxián D. Ángel Baltar.

Na sección de **Espazo para o Debate** Pablo Vaamonde expresa a súa opinión sobre o futuro da sanidade pública galega e da atención primaria, ao publicarse no DOG o decreto que regula a xestión integrada da Área de Saúde.